


# CANTIGAS



Continuando coas recopilacións iniciadas no curso pasado, agora é unha recollida de cantigas a que editamos.

As cantigas son outra das manifestacións da cultura popular que é preciso conservar e divulgar. Cantigas que acompañaban traballos e celebracións das xentes da nosa terra.

Este traballo foi posible novamente gracias á colaboración da Comunidade Educativa do C.E.I.P. Sada e contornos.

Sada, marzo de 2003.

Equipo de Normalización Lingüística

## HEICHE DE CONTAR UN CONTO

Heiche de contar un conto  
un conto de mil mentiras  
heiche de contar un conto  
un conto tódolos días  
un conto tódolos días,  
ai, la, le, lo, ai, la, la, la

E no medio  
no medio da ría  
ó compás  
ó compás dos cantares,  
o ventiño que viña de lonxe  
víñache á ventana petare  
víñache á ventana petare  
ai la le lo...

O labrador quer arado  
o mariñeiro quer bote  
a rapaciña quer noivo  
que traballe e teña dote,  
Ai, la, le, lo...

Non sei que ten o canteiro  
non sei que ten que non canta,  
anda derredor da pedra  
e-a pedra non se levanta  
e-a pedra non se levanta  
ai, la, le, lo...

Ei de beber auga santa  
na fontiña dos teus ollos  
porque son tan bonitiños  
que volven ós homes tolos  
que volven ós homes tolos  
ai, la, le, lo...-



## ALALÁ DE MUXÍA

Nosa Señora da Barca,  
Nosa Señora da Barca,  
valeime que'stou no medio do mare  
non hai barqueiro que reme,  
non hai barqueiro que reme.  
Ai la la la, ai la la la.

Védel'a colá ven vindo...  
Nosa Señora da Barca  
Védel'a colá ven vindo,  
na súa lanchiña nova  
parece que ven dormindo.  
Parece que ven dormindo,  
parece que ven dormindo.  
Ai la la la, ai la la la.

Ten o tellado de pedra...  
Nosa Señora da Barca.  
Ten tellado de pedra.  
Ben o pudiera ter d'ouro  
Nosa Virxe si quixera,  
Nosa Virxe si quixera  
Ai la la la, ai la la la.

Manuel Rilo (E. Infantil 3 años)

## ¡AI ANTÓN, ANTÓN!

¡Ai Antón, Antón! ¿Ti que tés ahí?  
Teño unha pedrada que me diches ti.  
Nin é unha pedrada nin é un tropezón,  
Ven come-lo caldo que é de melón.

Paula López (6º E. Primaria)



## O PAXARIÑO

Con piñeiros de arredor,  
teño unha casa no monte,  
con piñeiros de arredor  
un salgueiro e unha fonte,  
miña nena  
onde canta o reiseñor.

Aquel paxariño  
era bonitiño,  
-¿E como lle chaman?  
-Chámanlle Pepiño.  
-¡Que bonito nome  
ten o paxariño!

Paxariños que alegres cantades  
polas follas dos loureiros,  
e subides polos ameneiros  
a busca-la raiola do sol.

Non sexas tan presumida,  
se queres casa-la filla  
non sexas tan presumida,  
non te deixes enganar,  
miña nena,  
se queres ser presumida  
non te deixes enganar  
miña nena,  
se queres ser presumida



Iria Rodríguez (3º E. Primaria)

## REGUEIFA

Arriba pandeiro seco  
abaixo manta mollada  
onde estamos as mulleres  
os homes non valen nada.

Chámacheme pera verde  
eu a ti mazá podrida  
a pera verde se come  
e a mazá podre se tira.

Eu ós homes os comparo  
cunha goma de mascar,  
que por moito que a masti  
xamais a podes tragiar.

Eu á muller a comparo  
con calquera bicicleta  
se lles sacas a pintura  
non vale unha peseta.

Eu ós homes os comparo  
con os gatos caserós  
que tendo carne na casa  
andan a cazar ratós.

(Estrillo)

Pero mira  
pero mira  
pero mira, miramé  
o que a min me está pasando  
ti xa o debes de saber



Recollida oralmente de Rosa Leis Babío

## CUCHI CUCHI

Boas tardes miña sogra  
véñolle a pedir a filla  
se ma da séntome un pouco  
e senón marcho axiña  
cuchi, cuchi, chico, chico,  
cues, cues, cues.

A miña filla Farruco  
é moi nova para casarse  
só ten corenta anos  
áinda pode estragarse  
cuchi, cuchi, chico, chico,  
cues, cues, cues.

Virxe María do ceo  
o que di esta mullere  
que áinda pode estragarse  
e xa non ten dentes nin moas  
cuchi, cuchi, chico, chico,  
cues, cues, cues.



## MARIÑEIRO

Mariñeiro non,  
que vai e non vén  
un carreteiriño  
que carrete ben,  
que carrete ben,  
que carrete ben,  
mariñeiro non,  
que vai e non vén



## PAXARIÑO

A pasa-lo río  
de San Adrián  
veu un  
picarme na man  
picarme na man  
picarme no pé  
el temme malicia  
non sei por que é



Leticia Serrano (3 E. Primaria)

## FOLIADA DE RIOBAO

1.- Dinme que non teño rentas  
para manter á mullere } bis

berberechos do Pedrido  
que coma cantos quixere,  
que coma cantos quixere  
ai la le lo, ai la la laa

(Estrillo)

Que romaría a de Riobao  
na miña vida vin festa igual  
ai la le lo, ai la la laa  
de Riobao.


2.- Mira que-eres desleigada  
con que che garde cariño } bis  
pois non vayas tan de presa  
vaite pouquiño-a pouquiño  
vaite pouquiño-a pouquiño  
ai la le lo, ai la la laa



(Estrillo)

3.-Deixa que che conte nena  
porque non te quiero ver } bis  
ando escollendo nas rosas  
e non sei cal escollere  
e non sei cal escollere  
ai la le lo, ai la la laa

(Estrillo)



Iria Paisán (2º E. Primaria)

## CANTIGA DE SADA

As garelas de Betanzos  
cando van en procesión  
levan un gato por santo  
e unha vella de pendón

A aldea de Mosteirón  
de lonxe parece vila,  
ten unha rosa na entrada  
un caravel na saída.

En Oleiros non hai rosas  
que secaron as roseiras,  
no Burgo sí que as hai  
Ívivan as mozas solteiras!.

Mondego todo é rigor  
Mosteirón o Purgatorio  
acola en riba en Meirás  
non para o mesmo demonio.

Somos os mozos de Sada  
non o podemos negar  
este ano n'hai parrocha  
cagou o demo no mar.

Nosa Señora de Sada  
alá vai pol-a ribeira  
collendo cunchiñas brancas  
meténdoas na faldriqueira.

Nosa Señora de Sada  
aló vai pol-a ribeira  
en manguiñas de camisa  
parece unha costureira.

San Antonio de Sada  
cando vai na procesión  
vais' abanicando moito  
vacunando sarampión.

Para boas mozas Sada,  
para repolos Osedo,  
para coles castellanas  
o campo de Samoedo

Para Sada vai o mar  
para Betanzos o río  
para pasar a Fontán  
hai qu'atracular un navío.

Polas calles de Sada  
non se pode pasear  
porque hai moitos ladróns  
e pódense roubar

Santo San Pedro de Perbes  
San Xulián de Mondego  
Nosa Señora de Gracia  
San Andrés de Carnedo

Adiós, Betanzos e Sada,  
adiós, Lourido e Fontán  
adiós, meniñas de Ares,  
logo teño d' ir alá.

## AS MOZAS DE SADA

Ai, para boas mozas Sada  
ai para repolos Osedo  
ai para cantar e bailar  
as mozas de Samoedo  
Se te queres casar  
coas mozas daquí  
tes que ir a buscar  
capital a Madrid  
capital a Madrid  
capital a Bilbao  
se te queres casar  
coas de Riobao

## BETANZOS

Si Sada ten a terraza  
Betanzos ten os Caneiros  
A Coruña tamén ten  
a pandilla dos larpeiros

Betanzos solo ten bon  
a plaza , o cantón  
e a casa consistorial  
toda con cristal

Betanceiros, ¿qué pedides?  
maldito se pedimos nada  
solo hai un refrán que di  
suba o pan e baixe a caña

Arroz con chicharos  
patacas novas  
repolo de Betanzos  
e más cebolas,  
e más cebolas,  
e más cebolas,  
arroz con chícharos  
patacas novas.

## MANEO


Quen mo dera nesta rúa  
nesta rúa quen mo dera  
quen mo dera nesta rúa  
que non poida vir a ela

Loureiro verde non roxe  
loureiro verde non roxe  
moito traballíño elle  
correr atrás de quen foxe

Anque paso e non che falo  
non te deixo de querere  
fago de intento, meu benhe,  
por non cho dar a entendere

Costureiriña bonita  
dáme unha agulla de prata,  
para sacar esta espiña  
do corazón que me mata

Aí os vai a despedida  
aí os vai a derradeira.  
Acabouse o chiculate  
rompeu a chiculateira



Carla Barcia (3º E. Primaria)

## CANTIGAS DA CAPELA

Esta vai por despedida  
esta vai por derradeira  
acabouse o chiculate  
rompeu a chiculateira.  
Esta vai por despedida,  
hoxe aquí non canto outra  
os señores que me oian  
de hoxe nun ano me oian outra  
Hei de ir , hei de volver  
á festa da malla  
que hai moito que ver.


Xeo paxariño xeo  
do morteiro das cebolas  
vide rapaciños vide  
as das miñas fiadoras.  
O paxaro cando chove  
mete o rabo na silveira  
así fan as fiadoras  
cando non hai quen as queira.

Quieta silva non me prendas  
que ainda estou en Cabalar  
nunca silva me prendeu  
que non pudiera escapar.  
A Capela, miña terra  
quen pudiera vivir nela  
o trigo e o centeo  
dánse nas penas da serra.

Bota leña nese lume  
anque seña de abeleiras  
o que queira boas mozas  
que as busque na ribeira  
Bota leña nese lume  
anque seña de nogal  
o que queira boas mozas  
que as busque en Cabalar

Eu caseime cunha nena  
porque ela fiaba ben  
agora morro de pena  
e o fier non me mantén.  
Eu fier, fioche ben  
fiando coa miña roca  
dándolle voltas ó fuso  
“pa” envolve-la mazaroca.  
Esta pandeireta que toca  
é de pelexo de ovella  
ainda onte paceu herba  
hoxe toca que rabea.

Xoana Ferreira(4º E. Primaria)



## EU CASEIME POR UN ANO

Eu caseime por un ano  
Por saber que vida era (bis)  
O ano vai acabando  
solteiriña quen me dera  
solteiriña quen me dera  
ai la le lo, ai la le lo.



## O CURA DE REDONDELA

O cura de Redondela  
ten a barriga furada  
que lla furou o aire  
un día de xeada.



Zeltia Fernández (6<sup>a</sup> E. Primaria)

## AS PENAS DO VERDE GALO

As penas do verde galo  
son verdes e amarelas  
non me toques se non caio  
non me toques as canelas  
vai tu  
vai ela  
vai tu  
para casa dela.



Ana M<sup>a</sup> Lago (3<sup>o</sup> E. Primaria)



## AS NENAS DE VILANOVA


As nenas de Vilanova  
din que non beben viño,  
E debaixo do mantel  
levan o xerro escondido.

Lorena Ramos (6<sup>o</sup> E. Primaria)

## PANXOLIÑA

(Tradición oral de Ourense)

Escoiten, señores  
un caso excelente  
que os tres Reis Magos  
se parten de Oriente.  
O Deus feito home  
por ir adorar  
estrela lles dice  
como o han atopar



## O CARPINTERO

Carpinteiro e canteiros  
son un fato de ladróns,  
carpinteiro rouban nenas  
e canteiros corazóns.

Non te cases cun ferreiro  
que te queiman as muxicas:  
cásate cun carpinteiro  
que fai as huchas bonitas.

Teño un amor carpinteiro,  
bonito coma unha rosa,  
teño medo que mo embruxe  
unha nena envidiosa

Recollido dun libro da biblioteca de Sada  
Lara Ochoa (4º E. Primaria)

## O TAMBORILEIRO

Cantiga para festas ou reunións sociais na que un solista leva a dirección do grupo. El canta e o grupo, repite. Á pregunta: ¿como se toca...?, o solista responde facendo os acenos de toca-lo instrumento e cunha onomatopea do mesmo.

S.- Compañero eu sei tocaire  
G.- ¿Compañero que sabes tocaire?  
S.- Sei tocaire o tamborileiro  
G.- ¿Cómo se toca o tamborileiro?  
S e G.- Ran pata plan, o tamborileiro.  
Sempre ó ritmo do tamborileiro

S.- Compañero eu sei tocaire  
G.- ¿Compañero que sabes tocaire?  
S.- Sei tocarre o guitarreiro  
G.- ¿Cómo se toca o guitarreiro?  
S e G.- trin, trin, trin, o guitarreiro,  
Ran pata plan, o tamborileiro  
Sempre ó ritmo do tamborileiro

S.- Compañero eu sei tocaire  
G.- ¿Compañero que sabes tocaire?  
S.- Sei tocaire o trompeteiro  
G.- ¿Cómo se toca o trompeteiro?  
S e G.- Ta ta tari, o trompeteiro  
Trin, trin, trin., o guitarreiro  
Ran pata plan, o tamborileiro  
Sempre ó ritmo do tamborileiro



Segue con máis instrumentos: o frauteiro, o pratilleiro, o tromboneiro, o saxofoneiro, o pianeiros, etc, que se van engadindo á lista e que hai que ir cantando na mesma orde que se van dicindo ata que alguén se equivoca, ou se acaban os instrumentos musicais

Recollida oralmente de Manuel García Neira (Cristovo)

## CANTIGAS DE OURENSE

Unha árbore fermosa,  
hai preto da miña casa,  
que se sente moi venturosa,  
cando o mal tempo pasa.

Cando chega a primavera,  
e se viste toda de flor,  
semella unha linda rosa,  
dunha soa cor.

Teño un can moi feitiño,  
que só sabe lamber o fociño,  
e cando sente ó veciño,  
ladra e corre ó fondo do camiño.

Meu pai teno moi coidado,  
miña nai teno moi vixiado,  
e eu que son pequeno,  
téñoo moi mimado.

Marilene Cid (4º E. Primaria)



## A MULLER QUE CAPA OS HOMES

A muller que capa os homes  
vive no campo de Noia.  
Fuxir homes,  
fuxir homes,  
que ahí vos vén a capadora.

Nerea Vales (4º E. Primaria)

## O ENTROIDO

Aquí tede –lo Entroido  
que este ano veu cedo  
o que máis e o que menos  
xa tiña gana de velo.



## O MAIO

Aí ven o maio  
de flores cuberto...  
puxéronse á porta  
cantándome os nenos  
e os puchos furados  
para min entendendo,  
pedíronme crocas  
dos meus castiñeiros.

Recollido de libros da biblioteca familiar  
José A. Varela (4º E. Primaria)



## NA RÍA DE SADA


Na ría de Sada  
non se pode entrar  
con tantos xeiteiros  
que van para o mar  
que van para o mar  
entrar e saír  
á ría de Sada  
non se pode ir.

Miña lancha mariñeira  
miña remolqueadora      }bis  
fixécheme a cama fóra  
¿onde vou durmir agora? }bis

Diego Ochoa 3º (E. Primaria)

# ÍNDICE

Heiche de contar un conto.....	2
Alalá de Muxía.....	3
¡Ai Antón, Antón!.....	3
O paxariño.....	4
Regueifa.....	5
Cuchi cuchi.....	6
Mariñeiro .....	6
Paxariño .....	6
Foliada de Riobao .....	7
Cantiga de Sada.....	8
As mozas de Sada.....	9
Betanzos.....	9
Maneo.....	9
Cantigas da Capela.....	10
Eu caseime por un ano .....	11
O cura de Redondela .....	11
As penas do verde gallo.....	11
As nenas de Vilanova.....	11
Panxoliña (Tradición oral de Ourense).....	12
O carpinteiro .....	12
O tamborileiro.....	13
Cantigas de Ourense.....	14
A muller que capa os homes.....	14
O Entroido .....	15
O maio.....	15
Na ría de Sada .....	15



Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e contornos  
Equipo de Normalización Lingüística

Curso 2002-03

C.E.I.P. Sada e contornos. Avda. Sada e contornos s/n. 15160 Sada. A Coruña.  
Tlfno e fax. 981 620 337. Correo elect. [ceip.sada@edu.xunta.es](mailto:ceip.sada@edu.xunta.es)